



BANDO

XXX Aniversario da Constitución Española

A Constitución cumpre hoxe trinta anos guiando a nosa historia máis recente, a historia da recuperación e consolidación dos dereitos e liberdades fundamentais recollidos no seu texto. Neste tempo constituíuse no marco institucional e lexislativo imprescindible para o desenvolvemento da convivencia de todos os españois.

Patrimonio de todos, a súa maior virtude e a súa maior fortaleza radican na súa propia natureza. Foi froito dun amplo consenso que lle permitiu responder, con renuncias xenerosas e esperanzas comúns, ao reto dunha sociedade tan nova e ilusionada nos seus anhelos como vella e plural na súa historia. A Carta Magna eríxese pois como ferramenta ao servizo da convivencia, ao servizo da sociedade, na que os valores da solidariedade e o equilibrio deben primar, nestes tempos de dificultades económicas, sobre outra cuestión territorial ou de confrontación de ideas.

A nosa Carta Magna ten a serena madurez adquirida no itinerario compartido por todos os españois para asentar os valores superiores do seu ordenamento xurídico: a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político, máis en vixencia que nunca ante a última barbarie do terrorismo, contestada con forza desde a cidadanía e as institucións. A coacción dos terroristas recibiu como resposta a férrea vontade de todos os cidadáns na defensa das nosas liberdades, recollidas na Constitución.

O respecto aos valores consagrados no texto é a mellor homenaxe que podemos facer neste trixésimo aniversario dun camiño de liberdade.

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela